

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN, ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DUN PROXECTO PARA A AULA DE MÚSICA DA ÁREA DE CULTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO CURSO ACADÉMICO 2025/2026

A Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte (VDCD) da Universidade da Coruña (UDC) aproba a convocatoria para impulsar a formación musical e contribuír á expresión instrumental e/ou vocal da comunidade universitaria no curso académico 2025/2026.

1. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto seleccionar as entidades que impartirán, organizarán e dirixirán un proxecto instrumental e/ou vocal para a Aula de Música da Área de Cultura da UDC no curso 2025/2026.

2. Requisitos das entidades aspirantes

Poderán participar na presente convocatoria as persoas xurídicas, que acrediten solvencia profesional e técnica, que non teñan coa UDC unha relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable e que garantan coñecementos, experiencia e formación docente en impartir, dirixir e organizar proxectos para unha aula de música ou similares.

3. Funcións

As funcións da entidade seleccionada serán as seguintes:

1. Impartir, organizar e dirixir un proxecto musical, formado por persoas da comunidade universitaria e externas, logo da correspondente audición por parte da persoa directora, e coas que se constituirá a Aula de Música.
2. Representar publicamente o proxecto da Aula de Música ao longo do curso 2025-2026, en coordinación coa Área de Cultura da VDCD.
3. Participar e coordinarse con outras aulas de música en festivais como o FITEUC (Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña) ou os que se consideren previo consenso coa Área de Cultura da VDCD.

4. Condicións de execución da actividade

- A Área de Cultura da UDC ocuparase da inscrición do alumnado na Aula de Música, así como da súa xestión administrativa e a súa realización estará condicionada á inscrición como mínimo de cinco persoas.

- Os ensaios da Aula de Música acadarán un máximo de 35 horas, que se farán nun horario acordado coa Área de Cultura e realizaranse no Espazo de Intervención Cultural NORMAL.
- A asistencia do alumnado deberá rexistrarse mediante a plataforma “UDC Xest” para favorecer a acreditación desta formación (explicarase o uso da plataforma con anterioridade ao comezo da aula).
- Durante a realización das aulas as entidades e as persoas responsables deberán estar en contacto co persoal técnico da Área de Cultura para coordinar horarios e actividades, que se fixarán para impartir a aula acorde coa proposta seleccionada e non deberán mudarse ao longo da súa impartición, agás notificación e autorización da Área de Cultura. Ademais de adquirir o seu compromiso de informar da asistencia e realizar os axustes eventuais que resulten necesarios e adecuarse aos espazos da Área de Cultura.
- A Área de Cultura facilitará os medios técnicos necesarios para os ensaios da Aula de Música sempre que se indicase previamente na proposta e no proxecto musical, e estean dispoñibles na dita área.
- A UDC non cubrirá os gastos de materiais en que incorra a persoa directora, agás que previamente o solicite e se lle autorice expresamente pola Área de Cultura.
- A Área de Cultura encargarse da difusión e promoción da Aula de Música, así como das actividades desenvolvidas durante o curso.
- As actuacións e a participación da Aula de Música nos festivais universitarios determinarase desde a Área de Cultura.

5. Prezo do contrato e financiamento

- O prezo do contrato equivalerá a 60 € por hora de ensaio da aula (impostos incluídos), en concepto de dirección e ensaios da Aula de Música, logo de presentar un orzamento nominal.
- No caso de que a persoa directora acompañe o grupo a unha actuación durante o curso académico, a UDC cubrirá os gastos de desprazamento e das axudas de custo, ata un máximo de 200 € por saída, logo de presentar as correspondentes facturas a nome da persoa directora. A saída deberá ser previamente autorizada pola Área de Cultura, segundo a súa dispoñibilidade orzamentaria. A convocatoria terá en conta unha previsión inicial de 400 € para os gastos das posibles saídas, importe que podería ser aumentado posteriormente en caso necesario.
- Esta convocatoria finánciase con cargo á partida orzamentaria 1706 321A 22609 por un importe inicial de 2.500 €, dos que 840 € imputaranse ao exercicio 2025. Os outros 1.660 €

imputaranse ao exercicio de 2026 sempre e cando exista crédito axeitado e suficiente. O cálculo destes importes vén definido nos seguintes parágrafos:

-O desenvolvemento da Aula de Música suporá un máximo de 2.100 € (impostos incluídos), dos que en principio 840 € imputaranse ao exercicio 2025 e 1.260 € ao ano 2026, prevendo que o 40% dos ensaios se realice este ano e o 60% teña lugar no segundo cuadrimestre. Estes importes poderán variar segundo se distribúan finalmente os ensaios, non podendo superar nunca os 2.100 € (35 ensaios) entre ambos exercicios.

Ao final de cada cuadrimestre realizarase o pagamento dos ensaios que se tivesen realmente efectuado, nun único pago, unha vez finalizado o cuadrimestre e recibida a factura correspondente.

A eventual compensación de gastos por desprazamentos calcúlase inicialmente en 400 €, que se imputarán ao ano 2026. Esta cantidade poderá ser aumentada en caso necesario se a Área de Cultura conta con dispoñibilidade orzamentaria, ou diminuída se non se utiliza por completo.

6. Presentación de solicitudes

As entidades interesadas deberán presentar unha solicitude conforme o ANEXO I, acompañada da seguinte documentación:

- Un *currículum vitae* da persoa que asumirá a dirección da aula, que acredite os coñecementos, experiencia e formación docente na impartición, organización e dirección de aulas de música ou similares, conforme o modelo que figura como ANEXO II.
- Un proxecto instrumental e/ou vocal coas persoas da Aula de Música, que deberá incluír necesariamente a descrición dos medios técnicos necesarios, e cumprir os criterios de selección recollidos no punto 8, segundo figura no ANEXO II.

7. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes e a documentación requirida, dirixidas á Área de Cultura da UDC, poderán presentarse no Rexistro Electrónico da UDC, en calquera oficina de rexistro da Universidade, ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á data de publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e rematará ás 14:00 horas do día 2 de setembro de 2025.

8. Procedemento de adxudicación

Constituirase unha comisión de selección formada pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte ou persoa en quen delegue; a persoa adxunta de Cultura ou persoa en quen delegue; e unha persoa técnica da Área de Cultura da UDC.

Esta comisión de selección, nunha única fase, valorará a documentación presentada polas entidades solicitantes, tendo en conta os seguintes criterios de valoración:

a) Criterios substantivos

- **Obxectivos de calidade do proxecto.** Ofertar cun nivel de detalle suficiente, a través dos obxectivos e contidos, un proxecto musical de interese cultural, pedagóxico e artístico. Xustificar a idoneidade e interese da proposta, ademais de adecuala ao interese da comunidade universitaria e ao público xeral. Xustificar a viabilidade da proposta, así como os recursos que se precisan para desenvolve-la e adecuación da convocatoria.
- **Público.** Fomentar a participación dos públicos, tanto da comunidade universitaria como do público xeral, como se corresponde coa función da extensión universitaria e a necesaria interacción coa sociedade.

b) Criterios operativos

- **Planificación.** Que o proxecto sexa estruturado, planificado e dimensionado de xeito realista, axustando a temporalidade e os recursos que se vaian empregar ao marco das condicións e dos prazos previstos nesta convocatoria.
- **Estratexia e plan de comunicación.** Facilitar os medios, recursos e mecanismos necesarios para comunicar o proxecto en colaboración coa UDC.
- **Experiencia.** Valorarase a experiencia previa tanto formativa como docente.

c) Criterios de impacto

- **Impacto cualitativo e cuantitativo.** Que o proxecto teña capacidade de innovación e defina claramente o tipo de público obxectivo que se pretende no deseño da actividade.

Criterios	Subcriterios	Peso específico
1.º criterios substantivos (máx. 50 puntos)	Obxectivos e calidade do proxecto	40
	Público	10
2.º criterios operativos (máx. 40 puntos)	Planificación	15
	Estratexia e plan de comunicación	10
	Experiencia docente	15
3.º criterios de impacto (máx. 10 puntos)	Impacto cualitativo e cuantitativo	10

A puntuación mínima esixida para a valoración como seleccionable do proxecto presentado será de 60 puntos.

No caso de empate entre proxectos na segunda fase, terase en conta a puntuación máis alta nos criterios substantivos. De persistir o empate, decidirse en función da valoración do tribunal no referente aos criterios operativos.

9. Adxudicación e formalización do contrato

A resolución desta convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC no prazo máximo dun mes desde o peche do prazo de admisión de solicitudes. A entidade adxudicataria recibirá unha comunicación por correo electrónico.

Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A entidade seleccionada deberá asinar o contrato no prazo que se indique na resolución. De non facelo, a VDCD poderá adxudicar o contrato a outra entidade solicitante ou deixalo deserto. Neste último caso, o contrato poderá adxudicarse directamente.

Unha vez resolta a convocatoria, comezará o proceso de planificación, definición das probas e a selección das persoas que compoñerán a Aula de Música.

10. Información e contacto

Para os efectos de información e consultas, as persoas interesadas poden dirixirse por correo electrónico a cultura.coruna@udc.gal

Asinado dixitalmente pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte.

ANEXO I. SOLICITUDE

I. DATOS DO OBXECTO DA CONVOCATORIA
Nome da convocatoria (indíquese cal): CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN, ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DUN PROXECTO PARA A AULA DE MÚSICA DA ÁREA DE CULTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO CURSO ACADÉMICO 2025/2026
Área asignada á convocatoria: ÁREA DE CULTURA-VICERREITORÍA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE
Centro de realización: NORMAL- Espazo de Intervención Cultural (A Coruña)

II. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
Razón social:	CIF:	
Datos da persoa representante.		
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
DNI / NIE/ pasaporte:	Teléfono:	Correo electrónico:
Enderezo:		
Municipio:	Código postal:	Provincia:

III. DATOS ACADÉMICOS		
Título	Centro de expedición	Data de expedición

--	--	--

(Engada tantas liñas sexan necesarias)

IV. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

☐ Currículo

☐ Proxecto coa proposta formativa

☐ Outros: _____

A entidade solicitante _____
solicita ser admitida na convocatoria para a contratación do servizo de impartición da Aula de Música da Área de Cultura da Universidade da Coruña, declara que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e no currículo, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria.

_____, a _____ de _____ de 2025
(sinatura)

SRA. VICERREITORA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: secretaria.xeral@udc.gal

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na [Sede Electrónica da UDC](#) no apartado "Outros trámites";
- Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rp@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO II. CURRÍCULO E PROPOSTA FORMATIVA

CURRÍCULO DA PERSOA QUE DIRIXIRÁ E IMPARTIRÁ A AULA DE MÚSICA
I. DATOS DA CONVOCATORIA
Nome da convocatoria: CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN, ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DUN PROXECTO PARA A AULA DE MÚSICA DA ÁREA DE CULTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO CURSO ACADÉMICO 2025/2026
Aula: Música

2. DATOS PERSOAIS
DNI/NIE/pasaporte: _____ Nacionalidade: _____
Apelidos e nome: _____
Enderezo: _____
Localidade: _____ Provincia: _____ C.P.: _____
Teléfono móbil: _____ Correo electrónico: _____

A persoa que asina a continuación responsabilízase da veracidade dos datos que constan neste currículo e da documentación que se achega, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puideren derivarse da súa inexactitude.

..... de de

(sinatura)

III. CURRÍCULO (MÉRITOS A DESTACAR DA PERSOA QUE IMPARTIRÁ A AULA)

--

IV. PROPOSTA FORMATIVA DA AULA

CRITERIOS SUBSTANTIVOS	50 PUNTOS
Obxectivos de calidade do proxecto:	40
Público:	10
CRITERIOS OPERATIVOS	40 PUNTOS
Planificación:	15
Estratexia e plan de comunicación:	10

Experiencia docente	15
CRITERIOS DE IMPACTO	10 PUNTOS
Impacto cualitativo e cuantitativo:	

ANEXO III. DOCUMENTACIÓN

IV. RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGARÁN DE RESULTAR ADXUDICATARIA	
(É imprescindible numeralos e presentalos nesta mesma orde. En cada un dos méritos que se alegan no currículo e deberá indicarse o n.º do documento ou documentos que acredita/xustifica tal mérito)	
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	

(Engada cantas liñas sexan necesarias)

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: secretaria.xeral@udc.gal

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na [Sede Electrónica da UDC](#) no apartado "Outros trámites";
- Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rp@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).